



# D.- AS ACTIVIDADES AGRARIAS

## 1.- Os usos do espazo rural

Os usos do espazo rural son aínda principalmente agrarios: agricultura, gandería e explotación forestal.

► A superficie ocupada por estes usos en España repártense do seguinte xeito no ano 2015:


- Terras de cultivo, que tenden a decrecer: 33,6%
- Prados naturais e pastos, mantéñense estables: 18,6%
- Terreo forestal, que se incrementa: 37,8%
- Outras superficies: 10%
- Nese reparto dos usos do solo hai marcados contrastes entre as Comunidades Autónomas.



► **A contribución de cada uso á produción final agraria\*** presentaba na década dos 50 un claro predominio da produción vexetal sobre a animal (no ano 1950: 68,5% prod. vexetal – 29,7% prod. animal), nos últimos anos as diferenzas recortáronse (no ano 20014: 57,6% prod. vexetal – 38% prod. animal). Pero existen contrastes entre Comunidades Autónomas.




*A produción final agraria é o valor total da produción agraria descontando os elementos reutilizados no proceso produtivo, por exemplo, as sementes ou o esterco.*



## ► A distribución dos usos do solo en España:

● As **terras labradas**, ocupadas por diferentes cultivos supoñen algo menos do 34% da superficie total. **Esténdese, sobre todo**, polas grandes cuncas e vales interiores, de relevo predominantemente chan ou ondulado (vales do Ebro, Douro, Texo, Guadiana, Guadalquivir), algunhas depresións interiores (Bierzo leonés, Baza e Guadix en Granada, Antequera en Málaga, etc.) e o litoral mediterráneo. Son, en cambio, **escasas** tanto nas rexións do norte peninsular, coma nas áreas de montaña e o arquipiélagos canario. Neste último, as condicións climáticas, topográficas ou a escasa fertilidade do solo dificultaron sempre a súa posta en cultivo, ou ben produciuse o seu abandono recente debido aos seus escasos rendementos ou á competencia doutros usos (turismo).



● Os **prados e pastos** ocupan algo máis do 18% da superficie total. Están destinados á produción de herba para alimento do gando, e ocupan as áreas máis húmidas, topográficamente accidentadas ou con solos de pouca calidade para o cultivo. Pódense distinguir tres tipos de situacións:


- As **pradarías permanentes** constitúen o uso máis característico do solo nas rexións de clima oceánico próximas ao litoral cantábrico, desde Galicia ao País Vasco, e están asociadas a unha importante gandaría bovina.

- No oeste da Península Ibérica predominan os **pastos estacionais**, verdes nos períodos chuviosos, pero que secan no verán; isto permitiu manter unha gandaría máis diversificada (bovina, ovina e porcina) e de carácter extensivo.

- Nos cumes das principais cordilleiras, onde desaparece o bosque polas baixas temperaturas e a pobreza dos solos, aparecen os **pastos de altura**, utilizados tradicionalmente por unha gandaría transhumante -principalmente ovina- que se traslada a eles no verán desde as terras máis baixas e cálidas.



● As **áreas forestais**, que se corresponden con bosques de especies caducifolias ou perennifolias, ocupan preto do 38% da superficie total. A súa densidade é maior nas rexións máis húmidas, así como nas principais cadeas montañosas da Península e os archipélagos, que son tamén as áreas menos transformadas pola acción humana. Permiten a explotación da madeira e doutros produtos complementarios (cortiza, froitos, etc.), así como a súa utilización para a caza.



- Os **restantes usos do solo** constitúen o 10% da superficie total. Nesta sección inclúense desde os terreos ermos improdutivos ata as áreas urbanizadas, as ocupadas por infraestruturas (como son aeroportos, portos, estradas, ferrocarrís) e os espazos hídricos de auga doce e non mariños (lagos, ríos e encoros).



## ► A distribución dos usos do solo en España vén determinada por varios factores:


- **As condicións naturais:** En España distínguense tres dominios:

- O dominio atlántico, de clima húmido, que conta coa presenza de prados e bosques. Esténdese polo norte e oeste peninsular, degradándose cara ao interior.
- O dominio mediterráneo, localizado no resto da Península e as illas Baleares. Caracterízase pola existencia dunha estación seca no verán, e mostra un predominio das terras labradas.
- O dominio subtropical, nas illas Canarias, que ten na aridez o principal factor limitante para os cultivos e o bosque, agás nas zonas que están expostas aos ventos alisios, que son máis húmidas.





- Outra división é a existente entre áreas montañosas e chairas. Nas primeiras, as condicións especiais de elevada altitude e pendente, solos pouco profundos e descenso térmico favorecen un uso do solo para pastos e bosques. En cambio, nas chairas, a ocupación humana foi historicamente máis intensa, polo que predominan as terras cultivadas. Exceptúanse as penechairs occidentais, onde os solos son de pouca calidade, o que explica o seu uso para pastos e non para cultivos.




## ► A evolución histórica e a estrutura da propiedade:

- Na economía de subsistencia, cultivos, pastos e bosque complementábase, poñéndose en uso a maior superficie de terra posible para asegurar a alimentación da poboación.
- O desenvolvemento da economía de mercado conduciu ao abandono das terras de cultivo pouco rendibles e a súa substitución por pastos destinados a alimentar ao cada vez máis demandado gando; tamén produciu a destrución de certos bosques compensada coa repoboación doutros, o que produciu cambios no mapa de usos do solo.




- Nos territorios dominados pola gran propiedade, son habituais os usos extensivos con poucos rendementos por hectárea, pero con investimentos de traballo e capital escasos, que os fan rendibles. En cambio, a pequena propiedade asóciase a usos máis intensivos do solo para poder subsistir con pouca terra, pero maiores rendementos.

### Usos del espacio agrario en 2005 (%)




- Tierras de cultivo
- Superficie forestal
- Prados y pastizales
- Otras superficies

Fuente: *Mapa Estadística. Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos. 2005.*



### Usos agrarios en España

- Tierras de labor en secano (cereales, tubérculos, forrajes, remolacha, girasol)
- Agricultura de regadío
- Cultivos permanentes (viñedos, olivares, frutales)
- Praderas y pastos
- Matorral
- Bosque



0 100

- Bosque y alta montaña
- Agricultura mixta con ganadería
- Agricultura mediterránea
- Pastizales
- Agricultura de regadío
- Agricultura cerealista



# OS USOS DO SOLO E A SÚA DISTRIBUCION: TIPOS E FACTORES EXPLICATIVOS

## OS GRANDES TIPOS DE USO DO SOLO

- Os 50 millóns de Has do territorio español repártense entre 4 grandes tipos de usos e paisaxes

### USOS DE SOLO

### OUTROS USOS

- Terreos ermos
- Áreas urbanizadas e infraestruturas
- Espazos hídricos de auga doce

### TERRAS LABRADAS

- Os cultivos representan o **34% da superficie**.  
- **Extensión:** grandes cuncas e vales interiores, algunhas depresións e o litoral mediterráneo vs ó norte e o arquipélago canario.

### PRADOS E PASTOS

- Ocupan o **17% do terrazgo**  
- Producción con **destino á alimentación do gando**  
- **Extensión:** áreas húmidas e de pendentes

### AREAS FORESTAIS

- Representan o **32% da superficie**  
**Extensión:** Rexións húmidas (norte e montaña; en xeral, as áreas menos transformadas piola acción antrópica).  
- **Aproveitamentos:** madeira, cortiza, froitas e actividade cinexética.

## INTRODUCCION

- **Ata o s.XIX** predominio do sector primario (cfr., porcentaxe de poboación activa dedicada á obtención de bens de primeira necesidade).  
- **Nas últimas décadas, rápida redución do sector primario** (cfr., terciarización económica) **que se pon de manifesto nas cifras: 4,5% de poboación activa e 4% do PIB** (vs 29% do sector secundario e do 66% do terciario).  
- **Na actualidade a produción final agraria é un 30% superior a de hai un cuarto de século**, que reflicte a modernización do sector (cfr., produtividade do traballo)  
- **Trátase dun sector de alto valor estratéxico** (autonomía alimentaria, achega de materias primas, mantemento de poboación e emprego no rural, preservación do medio natural), **que as políticas procuran promover** (cfr., a PAC).

*PRADARÍAS PERMANENTES:* Rexións de clima oceánico e asociada á gandería vacuna

*PASTOS ESTACIONAIS:* Meseta occidental con pasto estacional asociada a unha gandería máis diversificada (vacuna, porcina e ovina)

*PASTOS DE ALTURA:* Cumios montañosos da tradicional gandería trashumante

### DOMINIOS CLIMÁTICOS

- **Dominio atlántico de prados e bosques**
- **Dominio mediterráneo de terras labradas**
- **Dominio subtropical (agricultura baixo plástico)**

## FACTORES EXPLICATIVOS DA DISTRIBUCION DOS USOS DO SOLO

### CONDICIONAMENTOS NATURAIS

#### XEOMORFOLÓXICOS

- **Áreas montañosas de prados e bosques**
- **Penichairas occidentais de dehesas**
- **Chairas de litoral de terras cultivadas**

### CONDICIONAMENTOS HISTÓRICOS E ESTRUTURAIS

#### HISTÓRICOS

Da **economía de subsistencia** á **economía de mercado** como factor explicativo do actual mapa de usos do solo

**Grande propiedade vs pequena propiedade** ou **usos extensivos vs usos intensivos**